

GRAZIA DELEDDA

María Grazia Cosima Deledda Cambosu naceu en Nuoro, Sardeña, en 1871 no seo dunha familia numerosa e rica. Ao rematar a escola primaria, recibiu educación na súa casa en latín, italiano e francés, pois os costumes da época non permitían que as mozas recibisen unha instrución máis alá da escola primaria. Posteriormente proseguiu a súa formación literaria de xeito autodidacta.

Empezou a destacar como escritora con algúns relatos que publicou na revista “*L’ultima moda*”. A súa primeira obra de éxito foi “*En el azul*”, á que seguiron “*Flor de Cerdeña*”, “*Paisajes sardos*”, “*Almas honestas*” ou “*El viejo de la montaña*”. A crítica comeza a interesarse por ela.

En 1900 casa e trasládase a vivir a Roma cando comezaba a aparecer por entregas na revista “*Nueva Antología*” unha das súas novelas máis notables, “*Elias Portolu*”, que editou como libro tres anos despois. A morriña de Sardeña converteuse no entorno fabuloso e mítico que impregnou as novelas que, a partir de 1900, publicou cunha periodicidade case anual e entre as que destacan “*Cenizas*”, “*La hiedra*”, “*Cañas al viento*”, “*Mariana Sirca*” ou “*La madre*”.

Afastada das correntes literarias de moda, as obras de Deledda oscilan entre a narrativa e a poética. Nelas hai un vínculo forte entre lugares e persoas, vivencias poderosas, conflitos de amor, dor e morte. Reflicten unha visión optimista da vida, unha grande fe na humanidade e en Deus, mesmo nos anos da súa enfermidade.

No ano 1926 foi galardoada co Premio Nobel de Literatura polos seus escritos inspiradamente idealistas que, con claridade plástica, debuxan a vida na súa illa natal e que con profundidade e simpatía tratan os problemas humanos.

Grazia Deledda morreu en Roma en 1936. Ao ano seguinte publicouse a súa autobiografía, “*Cosima*”, como homenaxe póstuma.

Nerea Castro Lalín

1º Bacharelato A